

CIRCULAR 95-2023.

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA SUB 20

- *A todas as delegacións da F.G.A.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo coa colaboración do Club Atletismo Santiago, organiza o Campionato Xunta de Galicia Sub 20 o día 8 de xullo de 2023 que terá lugar nas pistas da Universidade de Santiago de Compostela.

Art.2).- Poderán participar atletas da categoría Sub 20 con licenza na presente tempada pola FGA.

- Número máximo de atletas por proba:

Proba	Mulleres	Homes
100	32	32
200 e 400	24	24
800	20	20
1500	24	24
3000	16	16
100/110v	24	24
400v	16	16
3000 Obst.	16	16
Marcha	12	12
Concursos	12	12

- De admitirse a participación de atletas doutras categorías, fora de concurso, estes terán unha cota de 4€ por atleta.

Nas remudas poderá participar 1 equipo feminino e 1 equipo masculino por entidade. Permítese unha participación de clubs asociados, sempre que principal e asociado non participen na mesma proba.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://sdp.rfea.es/>) ata as 20:00 horas do luns 3 de xullo.

- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2022 e 2023.

Art.4).- Comunicación de baixas.

- As mesmas serán remitidas a competicion@atletismo.gal
- O prazo rematará ás 10:00 horas do xoves 6 de xullo.

Art.5).- Nos lanzamentos e saltos horizontais haberá mellora.

Art.6).- Cadencias nos saltos verticais.

- Alturas de inicio mínimo nas probas individuais:

(en metros)	Mulleres	Homes
Altura	1,25	1,45
Pértega	2,00	2,60

As cadencias publicaranse unha vez publicado o listado definitivo de participantes.

Art.7).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Na proba de marcha deberán levar 2 dorsais (no peito e nas costas).

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.8).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba, agás na proba de xavelina, para a que pechará 1h30' antes do seu inicio.

Art.9).- Cámara de chamadas.

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras e marcha	7'
Valos e remudas	10'
Concursos	20'
Pértega*	35'

*No caso de haber máis de 8 atletas admitidos, a saída a pista realizarase 50' antes da hora oficial da proba.

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.10).- Un atleta pode ser excluído de participar en tódalas probas posteriores da competición, incluídas aquelas nas que estea participando nese intre, nos seguintes casos:

- Estando admitido para unha proba e, non comunicada a súa baixa nos prazos establecidos no artigo 4 do presente regulamento, non tome parte da mesma.
- Estando clasificado para unha ronda posterior, non tome parte da mesma.

A FGA poderá permitir a participación final nos casos en que a situación atenda a razóns xustificadas.



Art.11).- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.12).- Horario provisional

XORNADA DE MAÑÁ					
HORA	CARREIRA	ALTURA	TRIPLO	PERTEGA	LANZAMENTOS
10:00	5000 Marcha H-M				Disco H
10:35					
10:40	3000 Mulleres	Altura H		Pérttega M-H	
10:55	3000 Homes				
11:00					Disco M
11:15	100 Homes Semis				
11:30	100 Mulleres Semis				
11:50	400 Mulleres				
12:00					Martelo H
12:05	400 Homes		Triplo M		
12:25	1500 Homes				
12:42	1500 Mulleres				
13:00					Martelo M
13:05	110 mv Homes		Triplo H		Peso H
13:20	100 mv Mulleres				
13:35	100 ml Homes Final				
13:45	100 ml Mulleres Final				

XORNADA DE TARDE			
HORA	CARREIRA	SALTOS	LANZAMENTOS
17:00	400 mv Homes	Lonxitude M	Xavelina H
17:20	400 mv Mulleres		
17:35	800 Homes		
17:50	800 Mulleres		
18:00			Xavelina M
18:05	200 Homes	Lonxitude H	
18:15			
18:20	200 Mulleres		
18:40	3000 Obst. Homes		
18:50			
19:00	3000 Obst. Mulleres		Peso M
19:10		Altura M	
19:20			
19:40			
20:00	4x100 Homes		
20:15	4x100 Mulleres		



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



DEPORTE
GALEGO

Art.13).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Calquera baixa nas 48 horas previas ó inicio do Campionato ou a non participación final, terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2023.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 euros por atleta con datos falsos.
- Inscricións fora de prazo: 3 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada.

Art.14).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 23 de xuño de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo